

**A AVALIACIÓN DO CONTACTO LINGÜÍSTICO GALEGO-CASTELÁN DE ARRIBA A ABAIXO E DE
ABAIXO A ARRIBA: UN CONTRASTE NECESARIO**

GABRIEL REI-DOVAL

University of Wisconsin-Milwaukee

Este relatorio propón realizar unha análise contrastiva da avaliación do contacto lingüístico galego-castelán segundo o nivel ó que pertence o avaliador: as elites lingüísticas ou os falantes da lingua galega.

Para realizar esta análise pescudaremos, por unha banda, as afirmacións e posicionamentos de lingüistas pertencentes ás elites estandarizadoras ou a actores promotores da estandarización do galego, tomando en consideración as súas manifestacións públicas e/ou académicas. Por outra banda, e grazas ás novidades analíticas fornecidas polo corpus do proxecto *Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística* (PID2019-110352GB-I00), proponse pescuda-los argumentarios e reflexións metalingüísticas manifestadas polos falantes en entrevistas e grupos discusión ó sérenlles presentadas tales cuestións.

Será obxecto de atención deliberar se os argumentarios ofrecidos por elites lingüísticas e falantes son coherentes e se utilizan os mesmos ideoloxemas, ou ben se existen discrepancias e contrastes importantes en canto ó contacto entre as linguas, o seu significado social e maila aceptabilidade social deste fenómeno no marco da lingua estándar.